


colaboran



LUGO CULTURAL



## 11SONSCREATIVOS

Arte sonora e electroacústica

### PROGRAMA 5 MAIO

Casa do saber ás 20:30 h  
Praza Pío XII, nº 3, 27001 Lugo

Entrada gratuíta ata  
completar aforo

CREACIÓNS SONORAS:  
**UNIVERSIDAD POLITÉCNICA  
DE VALENCIA (BLOQUE III)**

EN DIRECTO: **ATILIO  
DORESTE E A.A.V.V**

www.lugocultural.gal

## PROGRAMA DOCICLO

### DOMINGO 5 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:

Universidad Politécnica  
de Valencia (Bloque III)

CONCERTOS en directo:

ATILIO DORESTE e A.A.V.V

+ info e matrícula nos obradoiros en:

[www.sonscreativos.weebly.com](http://www.sonscreativos.weebly.com)

Oficina de Cultura  
Sita no Vicerreitorado de Coordinación Campus Lugo

982 821 513  
[cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es)

## 11SONSCREATIVOS

Os 11º Sons Creativos traen de novo á vida cultural de Lugo un aspecto da música pouco habitual na programación: o mundo da música electroacústica e da arte sonora, baixo a dirección de Inmaculada Cárdenas, e contando coa colaboración, como codirector, do artista sonoro e compositor Xoán-Xil López.

As propostas electroacústicas e de arte sonora deberían de ampliar a súa marxe de difusión e a Área de Cultura da USC a través desta plataforma quere colaborar a que isto sexa unha realidade. Continuando coa liña marcada nas pasadas edicións, estes SONS CREATIVOS proxéctanse co obxectivo de impulsar o diálogo entre propostas da escena local e internacional e a colaboración con outras institucións (universidades, fundacións, etc.) que dedican un importante esforzo ao apoio da creación sonora contemporánea.

Nesta ocasión contaremos coa presenza dos artistas e compositores ATILIO DORESTE, DAVID STEVENS, MATEO MENA, RAMÓN SOUTO, SIMON DESORGHER e SUSAN DRONE. Ademais INMACULADA CÁRDENAS, EFRAIM DÍAZ e MÓNICA ÁLVAREZ, membros do GCSUS, presentaran algúns dos seus recentes traballos.

Este ano tamén contamos coa inestimable colaboración da AMEE (Asociación de Música Electroacústica de España), a través dunha dobre convocatoria de concertos, e da Universidade Politécnica de Valencia un centro de referencia cunha ampla traxectoria tanto na creación como na educación arredor da arte sonora. Miguel Molina preparou unha selección de traballos tanto individuais como colectivos que amosan a amplitude dos postulados cos que se pode enfocar este ámbito artístico.

11SONSCREATIVOS  
Arte sonora e electroacústica

**Lux Interior**

**Autores:** Carlos García Miragall á guitarra eléctrica e xeración de visuais e Francisco Sanmartín ao baixo eléctrico procesado.

Carlos García Miragall é profesor Titular de Universidade adscrito ao Departamento de Sistemas Informáticos e Computación da Universitat Politècnica de València (UPV); Francisco Sanmartín é profesor Titular de Universidade adscrito ao Departamento de Pintura da UPV. Este traballo forma parte do proxecto de investigación "Cíclope. Visualización creativa de sonidos baseada en propiedades perceptuales del sonido aplicada a la realización de eventos audiovisuales en directo" subvencionado pola Generalitat Valenciana GV/2017/028.

**Resumen da proposta:**

*Lux Interior* é unha improvisación sonora e visual, na que participan Carlos García Miragall á guitarra eléctrica e xeración de visuais e Francisco Sanmartín ao baixo eléctrico procesado. A peza que se presenta é a primeira parte de *Lux Interior*, cunha duración de

5 minutos.".. Os visuais xéranse automaticamente a partir das pistas de son, mediante unha aplicación desenvolvida na linguaxe de programación Java, Cíclope. Esta aplicación xera as imaxes a partir dos números obtidos da dixitalización do son, construíndo cada píxel da imaxe cos números das liñas de son.

**ABSOLUTA TOTAL Y COMPLETAMENTE**

**Autores:** Julia Chiner (concepto, dirección), Stefano Scarani (voz, mantra) e Jaime Ochoa (voz, presenza). Julia Chiner é doutora en Música pola Universitat Politècnica de València e profesora titular de Conservatorio pola especialidade de violoncello e música de cámara. Stefano Scarani é doutor en Música pola Universitat Politècnica de València, compositor, *videomaker* e creador de obras interactivas.

**Resumen da proposta:**

*ABSOLUTA TOTAL y COMPLETAMENTE* é un traballo de investigación sobre as

peculiaridades da linguaxe audiovisual emerxente comunmente identificada como videomúsica. Esta composición visual-musical forma parte dunha investigación realizada na Universitat Politècnica de València sobre a videomúsica nun intento de definición ontolóxica do xénero.

**Acciones Sonoras No-Anunciadas**

**Autores:** Alba García, Alexis Martínez, Almudena Carbonell, Amaia Bregel, Darío Machín, Dylan Leemans, Elia Torrecilla, Inés García, Joan Lluís Llopis, Mar Juan, María Alfonso, Miguel Molina, Miquel Ponce, Paloma Ferrer, Ramón Fandos, Van Jesus, Vicente Galvañ e Vicente Lluch.

**Coordinación:** Miguel Molina, Alarcón e Elia Torrecilla (Universitat Politècnica de València). Gravación e edición de vídeo: Mar Juan Tortosa.

**Resumen da proposta:**

Accións sonoras sen previo aviso, coa intención de vivir a experiencia de quen as realiza sen un público

artístico que o espera e á súa vez crear un desconcerto na súa recepción do posible público ocasional. Para levar a cabo esta experiencia elixiuse un día de mercado na rúa no Barrio de Benimaclet de Valencia, durante a mañá do 15 de decembro de 2017.

A formulación consistía en que cada un dos participantes propoñía unha acción sonora e era materializada voluntariamente polos demais membros do grupo. Ademais das propostas xurdidas polos compoñentes do grupo, realizáronse outras ideas que proviñan de escritores e artistas españois do século XIX e XX: José Jackson Veyán, Carlos Edmundo de Ory, María Zambrano e César González Ruano, como parte do Proxecto I+D "Recuperación de prácticas pioneras del arte de acción de la vanguardia histórica española y su contribución a la historia de la performance europea" (ref. HAR2014-58869-P), proxecto concedido polo Ministerio de Economía e Competitividade.

**EN DIRECTO****ATILIO DORESTE**

**BIOGRAFÍA:** Atilio Doreste (As Palmas, 1964) é un artista plástico-sonoro, cuxa actividade artística e investigadora céntrase xeralmente na paisaxe e o territorio. Dirixe os proxectos Grupo Taller de Acciones Creativas (Arte, Natura, y Paisaje), proxecto SOAR:CC (Mapa Sonoro de Canarias), Laboratorio Editorial Canario, Auriculab Laboratorio de Arte Sonoro, Auditorio 15 Sillas, e Aula Cultural de Fotografía y Fonografía.

As súas obras foron publicadas, entre outros selos e plataformas de difusión, en La Escucha Atenta, Sonic Terrain, Sonospace, Goldsmiths University, Limerick University, Mute Sound Records, Very Quiet Records, Sonic Terrain, ZeppelinExpandit, Sonospace, MuteSound, Willesden Green Library Centre Londres, Sonic Waterloo Festival Londres, Centro Santa Mónica Barcelona, EMS Elektronmusik, Fylkingen Estocolmo, Festival Radical DB Etopia Zaragoza.

**OBRA:** *La palabra estática*

Peza de improvisación para catro canles a partir de elementos de brusca poética fonética organizados no espazo, e paisaxes sonoras de carácter percusivo fronte a outras texturas relativas ao sinal eléctrico aéreo e ao intanxible.

O concerto cuadrafónico componse de elementos fonéticos producidos en directo e pregravados. Estes elementos están programados para realizarse en directo, mediante improvisación, por medio dun controlador midi, que se desenvolvería xunto a outras capas realizadas cun sintetizador semimodular, por onde se canaliza, empastada, unha vía de radio modificada.

**Ligazóns:**

[www.atiliodoreste.net](http://www.atiliodoreste.net)  
<https://hearthis.at/atiliodoreste/binaural-headglotis-al-cubo-master/>

**EN DIRECTO****A.A.V.V**

Intervención de improvisación colectiva.